

ÁREA DE RELIXIÓN

Recoñecer a Sagrada Familia


Coñecer a Xesús como un amigo.

Recoñecer os apóstolos como os amigos de Xesús.

Identificar o domingo como a gran festa relixiosa para os amigos de Xesús.


Coñecer o sacramento do bautismo.

Recoñecer que Deus creou este mundo tan bonito.



CPI A XUNQUEIRA FENE Curso 2013/14

CPI A XUNQUEIRA
FENE



Mínimos
EDUCACIÓN
INFANTIL

CURSO 2013/14

EQUIPO DE PROFESORES/AS:

Ángeles Vázquez Maceiras (3 anos e Coordinadora)
Milagros Casal Hermida (4 anos)
Inés Castro Méndez (5 anos)
Cecilia Dopico Souto (Apoio)
Emilio Vázquez Carballido (Música)
M. Carmen Rodríguez Feijóo (L. Inglesa)
Isabel López Rocha (Relixión Católica)
Aurora Sandra Caneiro del Pulgar (Audición e Linguaxe)
Araceli Pintos López (P. Terapéutica)

Mínimos EDUCACIÓN INFANTIL

ÁREA I: COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

- Recoñecer e nomear as partes principais do corpo e situálas especialmente en si mesmo e nos demais.
- Identificar as partes do corpo que se corresponden cos sentidos.
- Discriminar informacións e sensacións proporcionadas polos sentidos.
- Mostrar coordinación, axilidade e equilibrio nos movementos corporais.
- Coñecer e utilizar as posibilidades expresivas do seu corpo.
- Mostrar confianza nas propias capacidades.
- Ter unha imaxe axustada de si mesmo, coas súas posibilidades e limitacións.
- Participar e colaborar con compañeiros e adultos, mostrando actitudes de colaboración e respecto.
- Participar activamente en diversos xogos e actividades.
- Progresar na coordinación e control das habilidades manipulativas de carácter fino.
- Coñecer e utilizar as normas de comportamento en distintas situacións e espazos.
- Establecer vínculos fluídos e equilibrados de relacións cos demais.
- Realizar autonomamente e con iniciativa actividades habituais para satisfacer as súas necesidades básicas.

ÁREA II: COÑECEMENTO DO CONTORNO

- Discriminar obxectos e elementos do entorno inmediato.
- Manifestar interese por explorar os elementos do entorno mediante actividades manipulativas.
- Desenvolver habilidades lóxico-matemáticas (agrupar, clasificar e ordenar) para establecer relacións cualitativas e cuantitativas entre elementos.
- Achegarse á comprensión dos números (cardinais e ordinais) e valorar a súa utilidade en situacións propias da vida cotiá.
- Manexar noções básicas espaciais (arriba/abaixo, dentro/fóra, preto/lonxe...), temporais (antes, despois, pola mañá, pola tarde...) e de medida (pesa máis, é máis longo...).
- Identificar e nomear os comportamentos principais do medio natural.
- Valorar a importancia do medio natural para a vida humana.
- Observar os cambios e modificacións dos elementos do entorno.
- Mostrar actitudes de coidado e respecto cara a natureza, participando en actividades para a súa conservación.
- Identificar e coñecer os grupos sociais máis significativos do seu entorno.
- Coñecer as características básicas e os principais servizos comunitarios que ofrecen os grupos sociais máis próximos.
- Identificar e valorar as características e manifestacións culturais do seu entorno.

ÁREA III: LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

- Expresarse e comunicarse oralmente coa suficiente claridade e corrección para levar a cabo diferentes intencións comunicativas (pedir axuda, informar dalgún feito, dar instrucións sinxelas...).
- Mostrar interese pola utilización da expresión oral para regular a propia conduta, para relatar vivencias, resolver situacións conflitivas, comunicar estados de ánimo e compartilos cos demais.
- Comprender as mensaxes, relatos, producións literarias, explicacións e informacións que lle permitan participar na vida da aula.
- Mostrar unha actitude de escoita atenta e respectuosa cara as opinións e intervencións dos demais.
- Mostrar interese polos textos escritos presentes na aula e no entorno próximo.
- Mostrar atención e curiosidade polos actos de lectura e manifestar gradualmente o desexo de aprender a ler.
- Interesarse por explorar algunhas características básicas do código escrito e participar nas situacións de escritura que se producen na aula.
- Gozar coa experimentación e exploración das posibilidades expresivas do xesto, os movementos, a voz, a cor e os sons.
- Manifestar unha progresiva sensibilidade estética e mostrar actitudes positivas cara as producións artísticas en distintos medios.
- Iniciarse no coñecemento e uso dalgunhas estruturas básicas na linguaxe estranxeira relacionadas coas rutinas da vida cotiá.
- Mostrar interese por compartir as experiencias estéticas e valorar as producións artísticas propias e dos demais.